



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES  
Sección de Cultura e Deportes  
Expediente: 2024000045095  
PREM-DEP/2024

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBAN AS BASES DOS III PREMIOS DO DEPORTE  
DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A CONVOCATORIA PARA 2024**

**DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,**

Despois de ver os informes do servizo de Acción Social, Cultural e Deportes, da Secretaria Xeral e do servizo de Fiscalización

**RESOLVO:**

1º.- Aprobar as bases dos III Premios do Deporte Deputación da Coruña, que son as que seguen:

**III Premios do Deporte Deputación da Coruña**

Os Premios do Deporte da Deputación da Coruña buscan recoñecer e premiar o labor de persoas e entidades que desenvolvan a súa actividade na provincia da Coruña e que a xuízo desta administración destaquen pola súa traxectoria, logros, ou a súa contribución ao fomento da práctica do deporte na provincia, entendido como un factor de primeira orde na construción dunha cidadanía saudable e no desenvolvemento económico e social dunha colectividade, de acordo coas seguintes

**BASES**

**Primeira**

A convocatoria está destinada a recoñecer, publicamente, as persoas e entidades que desenvolvan a súa actividade na provincia da Coruña e que destaquen pola súa traxectoria deportiva, logros, ou a súa contribución ao fomento da práctica do deporte.

Poderán presentar candidaturas para a concesión do premio todas as persoas físicas ou xurídicas que estean interesadas na promoción do deporte. Poderán presentar cantas candidaturas desexen e unha soa por categoría, admítense as autocandidaturas.

Nas candidaturas poderase propoñer as persoas ou entidades que desenvolvan o seu labor na provincia da Coruña, e que destaquen pola súa traxectoria deportiva, logros, ou a súa contribución



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

Expediente: 2024000045095

PREM-DEP/2024

ao fomento da práctica do deporte ou actividade física saudable nalgunha das categorías mencionadas na base segunda.

As persoas que formen parte do xurado poderán propor candidaturas que deberán facer chegar ao resto das persoas integrantes do xurado. Para propoñer as candidaturas será imprescindible que acheguen unha declaración de conformidade da persoa/entidade proposta, segundo o previsto na base cuarta.

A convocatoria tramitarase de xeito telemático, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (Subtel).

Dado que a tramitación será telemática, quen presente a candidatura deberá dispoñer de certificado dixital, dun único enderezo electrónico de contacto durante a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións; excepcionalmente, e de xeito xustificado, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando se lle notifique a circunstancia pertinente á Deputación.

## **Segunda**

Establécense quince premios nas seguintes **categorías** para o ano 2024:

### **1. Mellor deportista masculino.**

Para aqueles deportistas de xénero masculino que durante o ano 2024, segundo a modalidade deportiva que se considere, despuntase polos seus logros, éxitos e triunfos deportivos ou por outros méritos que o xurado considere que os fagan merecedores deste galardón.

### **2. Mellor deportista feminina.**

Para aquelas deportistas de xénero feminino que durante o ano 2024, segundo a modalidade deportiva que se considere, despuntase polos seus logros, éxitos e triunfos deportivos ou por outros méritos que o xurado considere que os fagan merecedores deste galardón.

### **3. Mellor deportista veterano masculino (mínimo 50 anos cumpridos no 2024)**

Para aqueles deportistas de xénero masculino de categoría veterana que durante o ano 2024, segundo a modalidade deportiva que se considere, despuntase polos seus logros, éxitos e triunfos deportivos ou por outros méritos que o xurado considere que os fagan merecedores deste galardón.

### **4. Mellor deportista veterana feminina (mínimo 50 anos cumpridos no 2024)**

Para aquelas deportistas de xénero feminino de categoría veterana que durante o ano 2024, segundo a modalidade deportiva que se considere, despuntase polos seus logros, éxitos e triunfos deportivos ou por outros méritos que o xurado considere que os fagan merecedores deste galardón.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

Expediente: 2024000045095

PREM-DEP/2024

**5. Mellor deportista promesa masculino categoría base (máximo 16 anos cumpridos no 2024)**

Para aqueles deportistas de categoría base de xénero masculino que durante o ano 2024, segundo a modalidade deportiva que se considere, despuntase polos seus logros, éxitos e triunfos deportivos ou por outros méritos que o xurado considere que os fagan merecedores deste galardón.

**6. Mellor deportista promesa feminina categoría base (máximo 16 anos cumpridos no 2024)**

Para aquelas deportistas de categoría base de xénero feminino que durante o ano 2024, segundo a modalidade deportiva que se considere, despuntase polos seus logros, éxitos e triunfos deportivos ou por outros méritos que o xurado considere que os fagan merecedores deste galardón.

**7. Mellor deportista con diversidade funcional masculino.**

Para aqueles deportistas con diversidade funcional de xénero masculino, que durante o ano 2024, segundo a modalidade deportiva que se considere, despuntase polos seus logros, éxitos e triunfos deportivos ou por outros méritos que o xurado considere que os fagan merecedores deste galardón.

**8. Mellor deportista con diversidade funcional feminina.**

Para aquelas deportistas con diversidade funcional de xénero feminino, que durante o ano 2024, segundo a modalidade deportiva que se considere, despuntase polos seus logros, éxitos e triunfos deportivos ou por outros méritos que o xurado considere que os fagan merecedores deste galardón.

**9. Mellor adestrador/a.**

Que sobresaíse durante o ano 2024, segundo a modalidade deportiva que se considere, polos triunfos, logros ou éxitos do seu club ou da deportista que adestre, ou por outros méritos que o xurado considere que os fagan merecedores deste galardón.

**10. Mellor árbitro/a ou xuíz/a.**

Que sobresaíse durante o ano 2024, segundo a modalidade deportiva que se considere, polo labor realizado como árbitro/a ou xuíz/a, ou por outros méritos que o xurado considere que os fagan merecedores deste galardón.

**11. Mellor entidade colaboradora ou mellor entidade patrocinadora**

Á entidade privada recoñecida pola súa vinculación, promoción e apoio ao deporte da provincia da Coruña, sexa de forma directa patrocinando accións, clubs e deportistas da provincia ou pola súa colaboración con entidades no desenvolvemento de actos ou eventos deportivos puntuais.

**12. Mellor evento deportivo**



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

Expediente: 2024000045095

PREM-DEP/2024

Mellor evento deportivo que se celebre na provincia, tendo en conta, entre outros, o número de público asistente, número de participantes, impacto económico para a zona, repercusión do evento en diferentes ámbitos (dende provincial ata internacional), utilización de criterios medioambientais na súa organización ou promoción do deporte inclusivo.

**13. Mellor entidade na promoción/fomento do deporte de base**

Para aquelas entidades que destaquen pola especial contribución durante o ano a tarefas de promoción, difusión e fomento do deporte base.

**14. Mellor entidade na promoción/fomento do deporte inclusivo**

Para aquelas entidades que destaquen pola especial contribución durante o ano a tarefas de promoción, difusión e fomento do deporte inclusivo.

**15. Premio a toda unha vida dedicada ao deporte (directiva, *utillero*, xogador, etc...)**

Recoñecemento de carácter individual á persoa que destacase de maneira notoria pola súa traxectoria en calquera ámbito do deporte da provincia.

**As mencións especiais que considere o xurado**

O xurado poderá recoñecer a título individual ou colectivo – ata un máximo de catro mencións - a aquelas persoas ou entidades, aínda que non sexan candidatos, que levasen a cabo unha labor ou desenvolvesen unha actuación no ámbito do deporte digna de ser destacada a nivel provincial.

Os premios consisten nun galardón conmemorativo sen dotación económica e un diploma acreditativo, así como o recoñecemento social que a Deputación promoverá a través dos medios de comunicación e das súas redes sociais. Estes premios poderán quedar desertos e tamén ser concedidos con carácter ex aequo.

A Deputación Provincial da Coruña organizará unha Gala do Deporte na que se convidará as persoas e entidades participantes nesta convocatoria, onde se fará pública a concesión dos premios, facendo entrega de todas as distincións aos premiados.

**Terceira**

**O prazo de presentación de solicitudes** será o seguinte:

Inicio do prazo: 7 de xaneiro de 2025

Fin do prazo: 30 de xaneiro de 2025, ás 14.00 horas

**As solicitudes presentaranse de xeito telemático** na sede electrónica da Deputación da Coruña, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

Presentarase unha solicitude na plataforma Subtel por cada candidatura.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

Expediente: 2024000045095

PREM-DEP/2024

A solicitude e toda a documentación estará asinada pola persoa que presenta a candidatura.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros.

Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar a integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non se cubran os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

#### **Cuarta**

A documentación que se ha presentar é a seguinte:

- Breve currículo da candidatura no que se recollan os datos seguintes da persoa/entidade proposta:

- Nome da persoa ou entidade; NIF
- Nome representante, NIF
- Enderezo postal
- Teléfono
- Enderezo web
- Enderezo electrónico
- Categoría proposta

- Memoria na que se reflectan os méritos alegados, as actividades realizadas e/ou os resultados obtidos no período ao que se refiren os premios, así como as acreditacións coas que se poidan xustificar os méritos para a dita candidatura, tendo en conta os criterios establecidos na base sexta.

- Declaración de conformidade da persoa/entidade proposta coa presentación da candidatura.

- Declaración de consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na solicitude para a participación nos *III Premios do Deporte Deputación da Coruña*, de conformidade co establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

- Acreditación da representación no caso de persoas xurídicas.

#### **Quinta**



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

Expediente: 2024000045095

PREM-DEP/2024

O xurado estará presidido polo deputado de Deportes da Deputación da Coruña, quen actuará con voz e sen voto, e formarán parte del cinco periodistas deportivos ou persoas de recoñecido prestixio no ámbito do deporte, que serán nomeados polo presidente da Deputación.

As funcións de secretaría exerceraas a secretaria da Corporación, ou a funcionaria ou funcionario en quen delegue.

Para o nomeamento do xurado respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A composición do xurado publicarase no taboleiro de anuncios, na sede electrónica da Deputación, con anterioridade á súa reunión, co fin de que poidan promover, se é o caso, a recusación dos seus membros.

As deliberacións serán secretas e delas será estendida a acta correspondente.

O xurado poderá declarar deserto/s o/s premio/s, e a proposta de concesión que formule será aprobada por resolución da Presidencia, previo informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes.

A resolución de concesión dos premios será dada a coñecer no taboleiro de anuncios, na sede electrónica da Deputación.

## **Sexta**

O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posible única, e será necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros. Para os efectos da validez da súa constitución aplicarase o disposto no art. 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente.

Para propoñer a concesión dos premios o xurado terá en conta os seguintes **criterios**:

- Resultados deportivos acadados no ano 2024.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

Expediente: 2024000045095

PREM-DEP/2024

- Promoción dos valores deportivos e consolidación como referente e exemplo que se ha seguir para a sociedade da provincia da Coruña, tanto dentro como fóra do espazo deportivo: autosuperación, respecto, constancia, perseveranza, competitividade, igualdade, equidade, compañeirismo, actitudes non sexistas, traballo en equipo, convivencia, cooperación, xogo limpo, espírito de sacrificio, autodisciplina, tolerancia.

- Calidade técnica, regularidade, recoñecemento, mellor puntuación na cualificación técnica na súa actuación como adestrador/a, árbitro/a e xuíz/a.

- Promoción e apoio ao deporte da provincia da Coruña, sexa de forma directa patrocinando eventos propios, clubs e deportistas da provincia da Coruña, ou pola súa colaboración con entidades no desenvolvemento de actos ou eventos deportivos puntuais.

O xurado poderá valorar outros méritos que estime convenientes e que dará a coñecer, das persoas ou entidades que se propoñan.

O xurado presentará a súa proposta á Presidencia da Deputación, que é o órgano competente para conceder o premio.

### **Sétima**

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

### **Oitava**

Os datos facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña coa finalidade de tramitar esta convocatoria.

A participación nesta convocatoria implica aceptar a realización de fotografías e/ou vídeos pola Deputación da Coruña no certame de entrega dos premios, que poderán ser publicadas en:

- A páxina web e perfís en redes sociais da Deputación.
- Filmacións destinadas á promoción da actividade.
- Publicacións para dar a coñecer a actividade.

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no cumprimento dunha misión de interese público.

Os datos poderán ser comunicados ás Administracións públicas para o exercicio das súas competencias e serán conservados de acordo co establecido na normativa de arquivo.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

Expediente: 2024000045095

PREM-DEP/2024

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo se considera que o tratamento incumpre co establecido no RXPDP pode reclamar perante a AEPD.

Poden consultar máis información relacionada coa protección de datos na nosa Política de Privacidade ou dirixindo un correo a [delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal](mailto:delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal).

Para calquera outra dúbida relativa á protección de datos poderá dirixirse ao Delegado de Protección de datos da Deputación a través do seguinte correo electrónico: [delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal](mailto:delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal)

**2º.-** Dispor a publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia.

**3º.-** Contabilizar o importe dos gastos derivados da convocatoria de acordo co seguinte detalle:

CONCEPTO	Aplicación orzamentaria	Importe	Documento contable RC
Honorarios xurado (5 x 800 €)	0612/3411/22609	4.000 €	220240058077

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se opta por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.